Son competencias do secretario-a

- 1- Ordenar o réxime administrativo do centro de conformidade coas directrices do director.
- 2- Actuar como secretario nos órganos colexiados, levantar acta e dar fe dos acordos.
- 3- Custodia-los libros e os arquivos do centro.
- 4- Expedir certificacións solicitadas ó centro.
- 5- Realizar o inventario do centro e mantelo actualizado.
- 6- Custodiar o uso de medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquer outro material.
- 7- Coordinar dirixir e supervisar por delegación do director a actividade e funcionamento do personal de administración e servizos.
- 8- Elaborar o proxecto de orzamento.
- 9- Ordena-lo réxime económico do centro.
- 10- Velar polo mantemento do material de acordo coas indicacións do director.
- 11- Dar a coñecer á comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e de interese xeral que reciba o centro.
- 12- Calquera outra función que encomendada polo director no ámbito da súa competencia.

#### **7.2.2 ÓRGANOS COLEXIADOS:**

##### **7.2.2.1 O CONSELLO ESCOLAR**

Está formado por 7 profesores/as, 3 pais e nais , 4 alumnos/as, 1 representante dos P.A.S. e 1 representante do Concello. Forman parte ademais a director/a que preside o Consello escolar ademais dos xefes/as de Estudos e o secretario.

##### **A - Competencias do Consello Escolar**

O consello escolar do centro terá as seguintes competencias:

- a) Aprobar e avaliar os proxectos e as normas a que se refire o capítulo II do título V desta lei.
- b) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro sen prexuízo das competencias do claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.

- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director do centro nos termos que esta lei establece. Ser informado do nomeamento e do cesamento dos demais membros do equipo directivo. De ser o caso, logo do acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director.
- e) Decidir sobre a admisión de alumnos con suxeición ao establecido nesta lei e disposicións que a desenvolvan.
- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o consello escolar, por instancia de pais ou titores, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, de ser o caso, as medidas oportunas.
- g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h) Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- i) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- k) Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueloutros aspectos relacionados coa súa calidade.
- l) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa

Dentro do Consello Escolar existe un representante que leva as iniciativas e programas de coeducación e un **Observatorio de Convivencia escolar**, organo responsable dos conflitos e problemas de convivencia entre os membros da comunidade educativa. O Artigo 7º no seu apartado 4, recolle a composición do Observatorio da Convivencia Escolar do centro, no que se integrarán: o director ou directora do centro; o xefe ou xefa de estudos; o orientador ou





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



orientadora, se é o caso; un representante do alumnado, un representante dos pais e nais; a persoa do consello escolar encargada das iniciativas e programas de coeducación; un representante do persoal non docente; e de un a catro representantes do profesorado. Tamén se indica que estará aberto á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e aos profesionais da sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escola

As funcións do Observatorio de Convivencia segundo o decreto 85/2007 do 12 de abril DOG(08-05-2007) son:

- Dinamizar o Plan de Convivencia do centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Informar trimestralmente ao consello escolar.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia. Aquelas outras que a propia Administración ou o Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial lle poidan encomendar.

O equipo directivo informará ó Consello Escolar sobre as propostas e iniciativas que previamente se determinen dende os órganos de coordinación docente, titorías e claustros, así como aquelas outras actividades que por lei son da súa competencia, pero tamén sobre os problemas que se veñan presentando ó longo do curso, aínda que non teña que intervir directamente este órgano para solucionarlos.

## **7-2-2 2 O CLAUSTRO DE PROFESORES:**

Segundo a LOE no seu Artigo 128.

### **A- Composición.**

- O claustro de profesores é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.
- O claustro presidírao o director e estará integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



### **B- Competencias do Claustro de Profesores** Segundo a LOE no seu artigo 129.

O claustro de profesores terá as seguintes competencias:

- a) Formular ao equipo directivo e ao consello escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
- b) Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- c) Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
- d) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e) Elixir os seus representantes no consello escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos por esta lei.
- f) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- g) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- h) Emitir informe sobre as normas de organización e funcionamento do centro.
- i) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- j) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- k) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

### **7.2.3 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

**No Artigo 130. Órganos de coordinación docente. Recolle :** Correspóndelles ás administracións educativas regular o funcionamento dos órganos de coordinación docente e de orientación e potenciar os equipos de profesores que impartan clase no mesmo curso, así como a colaboración e o traballo en equipo dos profesores que impartan clase a un mesmo grupo de alumnos.

Nos institutos de educación secundaria existirán, entre os órganos de coordinación docente, departamentos de coordinación didáctica que se encargarán da organización e desenvolvemento das ensinanzas propias das materias ou módulos que se lles encomenden.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



No IES Lauro Olmo os órganos de coordinación contemplados don:

- A Comisión de coordinación pedagóxica.
- O Equipo de Normalización Lingüística.
- O Equipo de actividades complementarias e extraescolares.

### **7-2-3-1 A COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA(CCP)**

A comisión de coordinación pedagóxica estará formada polo director, que será o seu presidente, o xefe de estudos do diúrno e do nocturno, os xefes de departamentos, o coordinador do equipo de normalización lingüística, o profesor de apoio a alumnos con necesidades educativas especiais, actuando como secretario un membro da comisión, designado polo director, oído-los restantes membros. En relación co réxime de funcionamento regulado no Título IV do referido decreto, correspóndelle, en síntese, as seguintes competencias:

- establecer directrices xerais para elaborar e coordena-los proxectos curriculares de etapa, propoñelos ó claustro para a súa aprobación, velar polo cumprimento e posterior seguemento e avaliación dos mesmos
- establecer directrices para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, planos de orientación académica e profesional e de acción tutorial, adaptacións curriculares e programas de diversificación curricular, incluídos no proxecto curricular.
- -canaliza-las necesidades de formación do profesorado
- propoñe-los profesores que formarán parte do equipo de normalización lingüística.

### **A- Os Departamentos didácticos (Tít. III, Cap. IV)**

Están compostos por tódolos profesores que imparten o ensino propio das áreas asignadas ó departamento

#### **.As súas competencias son**

- elabora-la programación didáctica das áreas e materias integradas no seu departamento, baixo a coordinación e dirección do xefe de departamento, seguindo as directrices da comisión de coordinación pedagóxica(CCP)
- promover actividades de perfeccionamento do profesorado



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



- manter actualizada a metodoloxía didáctica
- colaborar co departamento de orientación na detección e tratamento dos problemas de aprendizaxe
- organizar e realiza-las probas para alumnos pendentes e libres .
- propoñer materias optativas a impartir por profesores do departamento.
- elabora-la memoria de fin de curso, na que conste a marcha da programación e os resultados obtidos.

A coordinación será levada polo **Xefe de departamento**. Nos departamentos onde non haxa catedráticos o director designará un profesor, funcionario de carreira do corpo de profesores de ensinanza secundaria, con destino definitivo no centro.

Son competencias do xefe de departamento todas aquelas que se derivan da organización e dirección do departamento (art. 76); destacámo-la de informar ós alumnos sobre a programación, en especial, obxectivos, mínimos esixibles e criterios de avaliación elaborados polo departamento.

### **B- Departamento de orientación (art. 54-57)**

Terán que formar parte do mesmo, ademais do xefe de departamento:

- un titor de cada un dos niveis, proposto pola comisión de coordinación pedagóxica
- profesor de apoio para a atención ó alumnado con necesidades especiais.

Serán funcións do departamento, entre outras:

- participar nos proxectos curriculares e educativo do centro, aportando asesoramento psicopedagóxico
- segui-las directrices dadas pola comisión de coordinación pedagóxica na elaboración das propostas de organización e no plano de acción titorial
- prestar apoio e soporte técnico nas actividades de orientación e titoría
- colaborar cos titores na información familiar e na detección de dificultades ou problemas educativos
- prestar apoio ós alumnos con programas de orientación académica e profesional.
- xefe de departamento actuará en colaboración co equipo directivo, xefes de departamento e titores, baixo a dependencia do xefe de estudos.
- Terá ó seu cargo:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



- informar das actividades do departamento
- establece-la colaboración entre titores
- colaborar e coordena-la orientación do centro cos equipos de orientación da zona
- segui-la elaboración e aplicación das adaptacións curriculares, seguindo criterios do claustro
- coordena-la atención do alumnado con necesidades especiais.

### **7-2-3-2 EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Departamentos de actividades complementarias e extraescolares (Tít. III, Cap.III) estarán dentro destas actividades as visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións, conferencias, obradoiros, teatro, cine e calquera outra actividade formativa programada polo centro dentro ou fora do horario escolar. Serán extraescolares cando estean fora do horario escolar e polo tanto serán voluntarias, e complementarias as que se desenvolvan dentro do horario escolar.

Encargarase de promover, organizar e facilita-las actividades complementarias (as realizadas co alumnado en horario lectivo incluídas na programación) e extraescolares (as que se realizan fóra do horario lectivo e con carácter voluntario).

Este departamento terá un xefe-a que será o vicedirector-ora, que levará a cabo a programación e coordinación de ditas actividades.

#### **A- COMPETENCIAS DA VICEDIRECCIÓN NO EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**

- 1- Elabora-lo programa anual de actividades e programar cada unha delas.
- 2- Promover e coordina-las actividades culturais e deportivas en colaboración coa comunidade educativa.
- 3- Coordinar as viaxes de estudos de final de etapa coa axuda dos titores.
- 4- Colaborar cos departamentos na programación de actividades proporcionar información sobre as actividades que se van desenvolver. - elabora-la memoria final de curso que se incluírá na memoria do centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



Os requisitos necesarios para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade serán

coa aprobación do Consello Escolar

- A autorización escrita dos pais ou titores legais- os alumnos deben ser acompañados polo profesorado correspondente (un profesor por cada 20 alumnos).

### **7-2-3-3 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA (TÍT. III, CAP. VII, ART. 82 A 87)**

O equipo de normalización lingüística estará constituído por:

- tres profesores, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica
- tres alumnos, por proposta da xunta de delegados
- un membro do persoal non docente, por proposta dos mesmos.

Será o encargado de potencia-lo uso da lingua galega nos centros. Os membros do equipo serán nomeados polo director.

É competencia do equipo de dinamización lingüística:

- presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística
- propoñer á comisión de coordinación pedagóxica o plano xeral para o uso do idioma e o plano específico para potencia-la presenza da realidade galega no ensino
- elaborar e dinamizar un plano anual de actividades
- aquelas outras funcións que a Consellería de E. e O. U. estableza na súa normativa específica.

**O Coordinador do Equipo de dinamización Lingüística** será un profesor do equipo, preferentemente con destino definitivo no centro, nomeado polo director, por proposta dos compoñentes do mesmo e que desempeñará as súas funcións durante catro anos

#### **Son competencias do coordinador**

- colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa
- responsabilizarse da redacción dos planos que serán propostos á comisión de coordinación pedagóxica
- convocar e presidi-las reunións do equipo e responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da memoria final de curso





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



- proporcionarles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo.

## **7-2-4 OUTROS ÓRGANOS :**

### **7-2-4-1 OS TITORES** (TÍT. III, Cap. II, art. 58-59)

A designación dos titores corresponde ó director do instituto, por proposta do xefe de estudos, entre o profesorado que imparta docencia a todo o grupo. Haberá un titor por cada grupo de alumnos (Título III, art. 58).

No departamento de orientación haberá un titor por cada un dos niveis do centro, designados polo director, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.

As funcións máis relevantes dos titores, segundo a lexislación vixente, recollidas no Tít. III, art. 59, son:

- participar no plano de acción titorial e nas actividaes de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos e en colaboración co departamento de orientación
- coñece-las características persoais de cada alumno, así coma os aspectos da situación familiar e escolar que repercutan no seu rendemento académico
- controla-la falta de asistencia do alumnado, e ter informados ós pais ou titores legais e ó xefe de estudos
- coordena-las adaptacións curriculares necesarias para os alumnos do seu grupo
- organizar e presidi-las sesións de avaliación do seu grupo
- atender, xunto co resto do profesorado, ós alumnos mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

No referente á designación de titores cremos que, ademais de garanti-lo mínimo legal de que exista un profesor titor por cada grupo de alumnos, designaranse outros titores, encargados das actividades específicas que se consideren máis adecuadas para o mellor funcionamento do centro.

### **7-2-4-2 DELEGADOS E XUNTA DE DELEGADOS**

**A- Delegados-as:** A elección de delegados e subdelegados farase por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, eleccións organizadas e

convocadas polo xefe de estudos con axuda dos titores dos grupos e os representantes dos alumnos no Consello Escolar (art. 111). O delegado formará parte da xunta de delegados. O subdelegado substituirá ó delegado en caso de ausencia ou enfermidade.

**B- A Xunta de Delegados de alumnos-as**, os seus compoñentes, existencia, competencias e funcións da mesma e dos seus membros veñen determinadas polo Título V do Decreto 324/1996 de 26 de xullo, o que dedica 9 artigos desde o 107 ó 115, ámbolos dous inclusive. De entre os delegados será elixido un que presidirá a xunta de delegados coas competencias que se recollen no artigo 109: convocar e presidi-las reunións, facer que se levante acta e facer chega-las propostas ós órganos de dirección e coordinación didáctica do centro. No IES Lauro Olmo haberá 1 representante de delegados na ESO, nos Ciclos Formativos, e en Bacharelato. As funcións da xunta de delegados, fundamentalmente a favorece-las canles de comunicación entre os órganos competentes, e por outro comunicarlles ós alumnos as decisións destes órganos. Para acadar unha mellora nas relacións poderán elevar propostas para a elaboración do proxecto educativo, para a modificación do regulamento de réxime interior e para a elaboración dos horarios e actividades complementarias. A xunta, será escoitada polos órganos de goberno, especialmente no que se refire a problemáticas que pola súa índole requiran a súa audiencia (art. 113).

### **7-2-4-3 AS ASOCIACIÓNS DE PAIS E ASOCIACIÓNS DE ALUMNOS**

A súa existencia ven regulada pola lexislación vixente (Tít. VII, art. 120). Estas asociacións poderán elevar propostas ó Consello Escolar sobre a elaboración do Proxecto Educativo do Centro, para a modificación do Regulamento de Réxime Interior, realización de actividades complementarias, etc. Poderán recibir información dos aspectos tratados no Consello Escolar, sobre os resultados académicos referidos ó centro e da valoración que realice o Consello Escolar, recibir un exemplar da programación xeral anual e dos diversos proxectos, sobre os libros de texto e material didáctico, etc.

Unha das súas funcións é fomenta-la colaboración entre tódolos membros da comunidade educativa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



## **8- RELACIÓN CO CONTORNO**

O obxectivo primordial do labor educativo é preparar ó alumnado para que se inserte armónicamente na sociedade na que vai vivir. Para elo é imprescindible que o centro manteña relacións estables e fructíferas co seu contorno. Podemos dividir estas relacións en tres grupos:

### **8-1. Contorno educativo.**

Este Instituto é un instituto de ensinanza media. Como tal, é un eslabón intermedio entre os estudos primarios y os estudos superiores ou a vida laboral. Por esta razón o centro deberá manter un contacto permanente cos colexios de ensinanza primaria dos que procede o alumnado, especialmente co centro adscrito ó noso, o Colexio Público Condessa de Fenosa.

Por outra parte, o alumnado que acaba a E.S.O. poderá seguir estudiando o bacharelato que escolla ou un ciclo formativo de ensinanza profesional. Por iso o IES Lauro Olmo fará campañas para promocionar as ensinanzas que oferta o centro educativo neutros centros do contorno valedores. E conveniente, entón, que con todos estes centros de primaria ou secundaria se fomente unha relación de cooperación que intercambie información, experiencias, recursos e servicios.

### **8-2. Contorno socio-cultural.**

O centro fomentar o coñecemento da realidade cultural e social que lle rodea coa súa inclusión no currículo e coa realización de actividades extraescolares. Neste sentido estamos abertos a calquera colaboración con institucións oficiais, iniciativas privadas, organizacións non gubernamentais, etc, que axude a un mellor coñecemento do medio natural, a tradición, a historia, a cultura, a situación lingüística ou a sociedade da bisbarra e das organizacións territoriais na que esta se integra.

### **8.3. Contorno económico.**

O coñecemento do mundo laboral, empresarial e productivo da zona é fundamental para o futuro do alumnado, especialmente para aqueles que cursan un ciclo formativo de ensinanza profesional. Neste sentido, o centro manterá un contacto fluído coas empresas do entorno con vistas a facilitar ós estudantes postos nos que completar a súa formación coa realización de prácticas de traballo, Formación en Centros de Traballo(FCT). É tamén importante nesta relación o labor realizado polo centro coas *Xornadas sobre o Mundo empresarial*, que se



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: [ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es](mailto:ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es)

web: [www.ieslauroolmo.gal](http://www.ieslauroolmo.gal)



veñen realizando dende fai anos,coa colaboración de profesionais dos diferentes ámbitos de formación , que achegan ó noso alumnado a realidade do mundo empresarial.

## **9- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.**

### **9.1. Servizo de comedor.**

Todos os alumnos e alumnas de E.S.O. residentes fóra do núcleo urbano de o Barco, ou a unha distancia de máis de 2 Km do IES Lauro Olmo, terán dereito ao comedor os luns durante o curso académico.

### **9.2. Transporte escolar.**

Existen diferentes rutas de transporte escolar realizadas por las compañías, AUPSA, MON BUS e ATVISA.

A dirección do centro presta atención especial a todo o referente a un bo desenvolvemento do transporte escolar: horarios, seguridade, etc.

## **10- BIBLIOTECA ESCOLAR:**

A Organización e funcionamento aparece recollida no Proxecto de Biblioteca escolar.